



**UNHA SAÍDA Á CRISE
BASEADA NA ECONOMIA
PRODUTIVA E AS POLÍTICAS
SOCIAIS**

LIMIAR

A crise económica que estamos a padecer ten a súa orixe na aplicación das doutrinas económicas neoliberais que construíron unha economía dominada polo capital financeiro, guiada por criterios de investimento de carácter predominantemente especulativo, cada vez máis desconectada da economía real e das necesidades reais dos pobos e das persoas.

Porén, as receitas para superar a crise, lonxe de abandonar o paradigma económico liberal, afondan en solucións inspiradas no mesmo. As primeiras medidas de intervención pública foron dirixidas a sanear o sistema financeiro, destinando inxentes cantidades de diñeiro para tapar a pésima xestión dos executivos financeiros, e non a sentar as bases para un novo modelo económico baseado na misión reguladora e estabilizadora do sector público na actividade económica que asegure desenvolvemento máis xusto, máis democrático e máis sustentábel, así como a paliar as nefastas consecuencias no emprego e a reforzar as políticas sociais.

De seguido, baixo a presión dos lobbies financeiros, todos os gobernos, incluído o español e galego, así como as formacións políticas que os sustentan, PSOE e PP, afánanse en debullar e aplicar a estratexia ditada por aqueles, dirixida sobre todo a cercenar conquistas sociais básicas para a maioría da poboación: reforma laboral (ou sen eufemismos: flexibilización e precarización das traballadoras e traballadores), reforma fiscal (incremento da imposición indirecta e a tributación directa sobre rendas do traballo), recortes do gasto público (indiscriminado, non selectivo, o que implica rebaixas na calidade de servizos básicos como a sanidade, educación ou servizos sociais no canto de dirixido ao gasto militar ou á eficiencia burocrática), redución das pensións públicas.

Para o BNG, xa que logo, a saída á crise vai ser posíbel se é social e autocentrada:

- A intervención pública na economía que permita sentar as bases dun cambio estrutural que leve a unha organización e desenvolvemento da economía baseada no traballo produtivo (non especulativo) e no dereito dos pobos a producir.
- O afortalamento dos servizos públicos sociais como medida para corrixir as desigualdades sociais, crecentes nesta época de crise.
- O reforzo do autogoberno como vía para adoptar as solucións máis acaídas a cada pobo, como antídoto a unha globalización económica xerarquizante e discriminatoria.

I. A POLÍTICA DE GASTO PÚBLICO AO SERVIZO DO INVESTIMENTO PRODUTIVO E O ESTÍMULO ECONÓMICO, AS POLÍTICAS SOCIAIS E A RACIONALIDADE ADMINISTRATIVA

1. O gasto público ao servizo do investimento, o estímulo económico e a redistribución social.

A planificación e xestión das finanzas públicas estiveron supeditadas á contención rigorosa do déficit público, en aplicación do “Pacto de Estabilidade”, sobre o que se asentou a política económica recente e a unificación monetaria da Unión Europa. Porén, o obxectivo do cumprimento dos indicadores do “Pacto de Estabilidade”, entre eles o déficit cero, atinxiuse a costa dunha redución do gasto público en políticas sociais dirixidas ás persoas máis desfavorecidas e ás clases populares. A evolución do gasto en política social no Estado español desde mediados da década dos anos 90 foi decrecendo de xeito parello ao achegamento a os obxectivos do citado Pacto de estabilidade económica.

No caso galego, a bandeira da “austeridade”, esgrimida por Feijoo, enmascara peores consecuencias para a economía galega: a caída do gasto público centrouse en sectores xa castigados pola crise, como o caso da construción ao verse diminuída a licitación de obra pública a niveis de 2003, e con iso tamén o investimento produtivo, alén dos recortes encetados en servizos públicos básicos, no afán de desmontar o aposta polos mesmos feita polo Goberno galego anterior. É a demostración palpábel da irracionalidade da política de “déficit cero”, situando a perfección contábel por riba de todo no canto de asumir o que o principal fin do diñeiro público é empregalo ao servizo da mellora da economía e das políticas sociais.

A irrupción da crise económica demostrou, asemade, a disfuncionalidade ditado do “Pacto de Estabilidade” pois practicamente todos os países do entorno do euro tiveron que facer xusto o contrario ás súas recomendacións: acudir ao déficit público, facendo un uso anticíclico do gasto público, para evitar un agravamento da crise que a transformase en depresión económica, con graves consecuencias sociais.

Xa que logo, da situación actual podemos extraer conclusións para que a actuación dos poderes públicos a través das políticas de gasto non se vexa influenciada exclusivamente polos intereses da economía financeira senón ao servizo das maiorías sociais e a economía produtiva. Por iso, como principios xerais no ámbito da xestión das finanzas públicas, debe procederse a unha revisión das bases de crecemento e estabilidade, para que sexan sustentábeis en períodos de longa duración, non só durante apenas curtos períodos decenais:

- Instar, no ámbito europeo, a revisión do “Pacto de Estabilidade”, de maneira que o obxectivo de déficit público se estableza, non de xeito mecánico, senón en función de indicadores de crecemento, apoio ao investimento produtivo, garantía das políticas sociais e fomento do estímulo económico dos sectores estratéxicos.
- Exercer unha axeitada distribución da riqueza e de corrección das desigualdades sociais a través da política orzamentaria, retomando a progresividade do sistema fiscal, e asegurando o mantemento do gasto público dirixido a políticas sociais, ampliando paulatinamente o nivel de prestacións e coberturas, situándoo no promedio da Unión Europea.
- Compromiso de acometer unha redución do nivel de déficit público de forma paulatina e non traumática, acompañando ese obxectivo cun nivel de investimento e estímulo públicos dirixidos á recuperación da actividade económica e o emprego.

2. A reforma fiscal progresiva.

O período de crecemento económico dos últimos lustros veu acompañado dun forte incremento das desigualdades na distribución da renda, que non só aumentaron ao analizar as rendas primarias (antes de impostos) senón que tamén creceron igualmente despois de impostos, o que significa que o sistema impositivo en vigor non contribúe a corrixir as desigualdades económicas, e polo tanto non cumpre a súa función de redistribución da riqueza.

O sistema tributario español caracterízase por ter un reparto inxusto e desigual da carga tributaria, onde a contribución impositiva recae sobre os impostos indirectos ao consumo e rendas de traballo, fronte ás de capital, e nun escenario onde estas últimas teñen un peso cada vez maior no PIB. Dese xeito, o resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal que impide o desenvolvemento dun sistema de benestar e dos recursos necesarios para poder adoptar medidas de estímulo na economía dirixidas a un crecemento sustentábel a longo prazo.

O BNG avoga por acometer unha reforma fiscal cos obxectivos de:

- Garantir e incrementar a capacidade recadadora do sistema, isto é, contar cos recursos económicos, obtendo loxicamente máis de quen máis ten, para cubrir un forte sistema de benestar que asegure o acceso de toda a

poboación ás prestacións sociais e servizos públicos de calidade, que ademais de proporcionar unha maior calidade de vida, sen dúbida contribuirá a xerar novas oportunidades de emprego vinculadas á prestación de ditos servizos.

- Incrementar a xustiza do sistema fiscal, impulsando a función de redistribución da renda e riqueza e como instrumento activo na corrección das desigualdades sociais. Dun xeito concreto, deben afrontarse as seguintes reformas:
 - o De xeito inmediato e con efectos en 2010, revisar e anular a suba impositiva no IVE prevista para o 1 de xullo de 2010, mantendo os tipos actuais ante a negativa evolución económica.
 - o Revisión do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, introducindo un novo tramo para rendas superiores a 95.000 euros, e maior progresividade na tributación das rendas de capital, contemplando tramos de gravame en función da renda global do suxeito pasivo.
 - o A tributación no IVA ao tipo superreducido do 4 por 100 de todos os bens e prestacións de servizos ligados á cadea alimentaria que aínda tributan a outros tipos superiores.
 - o Creación dun imposto sobre grandes fortunas, que permita gravar os grandes patrimonios.
 - o Revisión da normativa tributaria a fin de evitar a utilización abusiva e fraudulenta de enxeñaría financeira co obxecto de ter beneficios fiscais.
 - o Eliminación do réxime de bonificacións ás SICAV.
 - o Medidas efectivas de loita contra a fraude e a evasión fiscal, así como en xeral a economía soterrada, cun plan de actuación específico para erradicar a actividade en paraísos fiscais e contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como de mediadores (testaferros) que facilitan a fraude fiscal.

3. Austeridade do gasto público vinculada á racionalización administrativa

O acentuado descenso da recadación pública non só pon de manifesto a necesidade de actuar sobre os ingresos públicos, na liña exposta no apartado anterior, senón tamén en afondar na austeridade no gasto público dirixida á redución da burocracia administrativa ordinaria e á racionalización e á eliminación de duplicidades no aparato burocrático administrativo.

A austeridade ha de ser, xa que logo, selectiva en canto aos gastos obxecto de redución, de xeito que e deixen intactos os relativos aos servizos públicos, e ao tempo se garanta a continuidade do gasto destinado a políticas sociais:

- Supresión de Ministerios con competencias transferidas ás Comunidades Autónomas, e transferencia dos servizos da administración periférica non asociados a competencias exclusivas do Estado ás Comunidades Autónomas
- Redución de gasto corrente non asociado aos servizos administrativos (atencións protocolarias, parque móbil, gastos de desprazamento, publicidade institucional) en todas as administracións, empresas e entes públicos, altos órganos consultivos, así como a Casa Real.
- Implantación gradual de ferramentas informáticas baseadas en software libre e non privativo no ámbito a administración, empresas e entidades públicas.
- Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

- Emprender unha estruturación máis simplificada das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a través da creación dun Corpo único policial nese ámbito, que permita unha redución de infraestruturas e gastos comúns, e do despregue de Policías propias das Comunidades Autónomas cuxa lexislación así o prevea.
- Instauración dun novo modelo de administración local, promovendo unha reforma legal que reduza o papel das Deputacións Provinciais en beneficio dos concellos e as CCAA, como primeiro paso para a supresión das entidades provinciais.
- De forma parella á reforma das institucións provinciais, dotar de maior financiación e recursos económicos aos concellos, como institucións máis próximas aos cidadáns e auténticos entes representantes do interese local.
- Novo modelo de xestión orzamentaria e tributaria, coa creación de Axencias Tributarias nas CCAA que recaden e xestionen os tributos estatais, co obxectivo de mellorar a transparencia, eficacia e unha redución da estrutura burocrática da AEAT.
- Redución da administración paralela da Xunta de Galiza, dando cumprimento á normativa para eliminar os entes comarcais existentes, e reestruturando o sector público empresarial dependente da Xunta de Galiza.

II. ACCESO AO CRÉDITO E REACTIVACIÓN ECONÓMICA

1. Facilitar o acceso ao crédito

As restricións no acceso ao crédito, aínda persistentes, son o maior lastre para iniciar a xeira da recuperación e o crecemento económicos. As medidas adoptadas dirixidas ao saneamento do sector financeiro, non están a ser satisfactorias, polo que desde o ámbito público cómpre ir máis alá, reformulando os instrumentos do crédito oficial para que exerzan o papel de mediadores financeiros en toda a súa extensión:

- Constitución do Instituto de Crédito Oficial e do IGAPE como unha banca pública con vocación comercial, especializada na concesión directa de créditos a PEMEs, emprendedores e autónomos a través dunha rede comercial propia.
- Creación de liñas de crédito directo do ICO e IGAPE ao sector primario no seu conxunto (agrario e pesqueiro), con atención preferente aos subsectores máis afectados pola crise e unha financiación que asegure a viabilidade das explotacións e/ou outros centros de produción, cooperativas e industria transformadora .
- Elevar os límites de risco que asumen o ICO e o IGAPE nas liñas de mediación.

2. Loita contra a morosidade

O incremento da morosidade está afectando de maneira importante a moitas empresas, profesionais e autónomos, pois o retraso inxustificable no cobro de facturas por intercambio de bens ou servizos prestados pon en perigo a súa supervivencia ao estar –debido á crise financeira- cada vez máis limitado o recurso ao crédito a curto prazo e sufrir constantes tensións de tesourería que os empuxan tamén a retrasar pagos, o que xenera unha perigosa espiral que acaba tendo negativas consecuencias para o conxunto do sistema económico:

- Establecer a obriga de pago a un prazo máximo de 30 días naturais para as Administracións Públicas, e de 60 días naturais para o pago a PEMEs e autónomos no sector privado, seguintes á realización da operación



comercial ou profesional.

- Establecemento dun proceso áxil e preferente de reclamación de débedas por operacións comerciais fronte ás Administracións Públicas, así como dun réxime de responsabilidades das persoas titulares de órganos de contratación ou xestión económica que incorran abusivamente en demora no pago das obrigas económicas contraídas.
- Modificación da normativa do IVE para fixar o prazo de ingreso do imposto na data de cobro de cada factura, non da súa expedición, por parte de PEMEs e autónomos.

III. O FUTURO DO SISTEMA FINANCIERO GALEGO

1. A opción centralista na ordenación do sistema financeiro a nivel estatal.

En xuño de 2009 aprobouse, co apoio tanto de PSOE como PP, as normas reguladoras do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), que tiña por obxectivo unha intervención a nivel estatal no sector financeiro, con inxentes cantidades de diñeiro público. Baixo o pretexto formal de garantir a solvencia e liquidez do sistema financeiro, os debates precedentes, e sobre todo o desenvolvemento posterior, amosou a verdadeira intención coa que se ideara o FROB: propiciar principalmente a reestruturación das caixas de aforro, despoxándoas do seu carácter social e territorial, por riba das competencias autonómicas.

O BNG rexeitou a configuración do FROB, ao manterse en liña cunha opción de regulación e ordenación da banca dun xeito centralizado, relegando a intervención das CCAA, e tamén coa deslegalización e delegación do control do sector financeiro no entramado organizativo Banco de España-Ministerio de Economía e Facenda, depositando neles a responsabilidade de sanear o sector financeiro, malia o importante volume de recursos públicos asignados.

2. Defensa das competencias do sector financeiro galego.

Perante a aprobación do FROB, o BNG impulsou, tanto a nivel institucional como social, unha defensa activa das caixas galegas, das competencias de Galiza no sector financeiro, e da canalización do aforro galego a través de institucións financeiras propias cunha clara compoñente social.

No Parlamento Galego, o fito máis importante foi a aprobación dunha reforma substancial na Lei de caixas de aforro de Galiza, impulsada polo BNG e inspirada na necesidade en reforzar o seu papel como instrumento fundamental no financiamento da economía galega.

A nova Lei de caixas deseña un novo marco de funcionamento baseado na transparencia, rendición de contas aos depositantes e á sociedade galega e reforzo do control público, dada a súa natureza e función social, para conectalas coa estratexia económica que sirva aos intereses xerais do país. Os eixes da nova Lei son:

- Orientar a política de créditos e de investimentos das caixas de aforro a fortalecer os lazos co tecido empresarial galego e apoiar o financiamento dos sectores económicos estratéxicos do país, así como á xeración emprego.
- Mellorar a transparencia no funcionamento das caixas de aforro, afondando para iso nunha maior democratización dos seus órganos de goberno e nunha maior eficacia operativa.
- Reforzar as competencias de Galiza sobre as caixas de aforro.
- Vencellar as fusións con outras caixas ao mantemento do enderezo social en Galiza.

3. A fusión das caixas de aforro galegas como garantía para dirixir o aforro galego cara o desenvolvemento económico de Galiza

A proposta do BNG para ordenar as nosas institucións de crédito é a de propiciar a integración das caixas galegas, reflectindo a vontade de seguir mantendo un mapa financeiro galego propio con alicerces nas caixas de aforro, perante o cenario asumido a nivel central polo PP e PSOE, de facilitar a absorción ou fusión con entidade financeiras de fóra de Galiza, e con iso que os centros de decisión das caixas poidan ser desprazados fóra do país.

Cunha caixa galega forte, apoiada nun marco legal que lle obriga a un funcionamento máis transparente e democrático, estamos a garantir o futuro da economía de Galiza, de que sigamos a contar con institucións financeiras propias, con centros de decisión en Galiza, e volcadas no desenvolvemento dos sectores estratéxicos do país. Para iso cómpre:

- Co fin de protexer o interese público, a intervención do FROB debe ir destinada prioritariamente á restauración da financiación da economía produtiva, polo que se garantirá que o destino final por parte das entidades financeiras dos fondos ou avais con cargo ao FROB van dirixidos á recuperación do crédito ás empresas, emprendedores, autónomos e ao consumo.
- Retirada do recurso de inconstitucionalidade contra a reforma de determinados preceptos da Lei de Caixas de Galiza, e levantamento dos efectos suspensivos do mesmo.
- Manter as competencias autonómicas sobre as caixas de aforro, retomando a capacidade de autorización ante calquera reestruturación, incluso as efectuadas ao amparo do FROB ou de calquera outra intervención do Banco de España.

IV. IMPULSO Á PRODUTIVIDADE E AO INVESTIMENTO EN INNOVACIÓN (I+D)

Ante a crise actual, é preciso redefinir o noso modelo produtivo e o tipo de especializacións predominantes, na dirección dunha economía baseada no coñecemento, máis produtiva e sustentábel.

A adopción dunha política industrial activa é clave para permitir un novo modelo de crecemento que recupere o dinamismo da actividade económica e o emprego. Unha reorientación nesta dirección implica a todas as políticas: educativa, do solo, fiscal, medioambiental, laboral, así como diferentes políticas sectoriais, mais ocupando un lugar central as políticas de I+D e innovación: impulso ao investimento en desenvolvemento científico, tecnolóxico, da formación e da cualificación, en novos métodos de produción e formas de organización máis eficientes, creación do entorno e recursos necesarios que reforcen o contido en coñecemento de todas as actividades produtivas, intensificando o apoio a aquelas especialmente intensivas en coñecemento, fomento de estruturas tecnolóxicas e de investigación acaídas, sistema de incentivos, regulación e estratexia de longo prazo, etc.

Xa que logo, tendo en conta a importancia das políticas de I+D e innovación, así como o seu carácter transversal, avogamos por:

- Impulsar un gran Pacto pola Innovación que inclúa aos axentes sociais e ao Estado, no cal se estableza a estratexia e obxectivos, e que, para garantir o cumprimento dos mesmos, se estableza un marco de financiamento plurianual ambicioso e blindado, con compromisos orzamentarios anuais.
- Favorecer un marco fiscal que incentive a innovación. Débese modificar a concepción do Capital Risco, de maneira que se aplique o concepto de capital risco -e polo tanto un tratamento fiscal favorábel- a un abano



restrinxido de actividades innovadoras claramente delimitadas: biotecnoloxías, novos materiais, enerxías renovábeis, etc.

V. APOIO AOS SECTORES ECONÓMICOS ESTRATÉXICOS PARA FOMENTAR A CREACIÓN DE EMPREGO

Para iniciar a xeira da recuperación económica e do emprego, deben ser obxecto de especial apoio os sectores económicos que tradicionalmente serviron de sustento á economía, e que foron obxecto de traumáticas reconversións sen que se obtivesen uns resultados satisfactorios após ese proceso, aínda contando coas vantaxes comparativas para iso. Así mesmo, tamén priorizaremos a sectores emerxentes -como a enerxía eólica- que poden ver lastrado o seu desenvolvemento de manterse os actuais impedimentos para unha óptima senda de expansión.

1. Apoio ao sector lácteo

É necesaria a posta en marcha de medidas que contribúan a paliar a crise que atravesamos o sector lácteo. Propoñemos as seguintes:

- Creación dun Fondo Lácteo cunha contía de 150 millóns de euros.
- Reformular a aplicación do Exame de Saúde da PAC no Estado Español, de maneira que os fondos da modulación se destinen preferentemente ao sector lácteo.
- Garantir a correcta aplicación do acordo sobre homologación de contratos, impulsado polo Ministerio en 2009.
- Aprobar un paquete de estímulo fiscais -rebaixas de impostos e cotizacións sociais-, en tanto non se supere a crise.

No marco da Presidencia do Estado Español na UE, o Goberno deberá defender os intereses do sector ante as institucións comunitarias, polo que instarémolos a que apliquen as seguintes medidas:

- Impulsar normativas que melloren a regulación do prezo de referencia do leite, e, con carácter extensivo, doutros produtos alimentarios, de maneira que se teñan en conta os custes de produción, así como un sistema que garanta a transparencia na formación de prezos dos produtos alimenticios que erradique as ganancias especulativas neste sector ao tratarse de bens de primeira necesidade para o conxunto da poboación.
- Revisión da política de liberalización do sector lácteo en 2015 e do incremento lineal de cotas lácteas, para que se redistribúan a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos de explotacións, como é o caso de Galiza, que precisan máis cota para ser viábeis.

2. Fomento das enerxías renovábeis e do aforro e eficiencia do consumo enerxético.

O sector das enerxías renovábeis, e en concreto a enerxía eólica, goza dun grande desenvolvemento en Galiza, aínda que as súas potencialidades futuras pasan por que se cree o marco acaído para a súa expansión. Ademais, as políticas destinadas ao aforro e á eficiencia enerxética deben ocupar un papel central. Para iso propoñemos as seguintes medidas:

- Impulsar o redimensionamento do sector eólico mediante un reparto baseado en:
 - o Os proxectos de novos parques eólicos estarán ligados a plans que fomenten o desenvolvemento industrial do territorio onde estos se asentán.

- Fomento da participación pública nos proxectos de aproveitamento eólico.
- Supresión do rexistro de preasignación de retribución, posto que constitúe un colo de botella para o desenvolvemento das enerxías renovábeis, recorta as competencias de Galiza no réxime especial e está ocasionando un grave problema para a industria que subministra equipos ás instalacións de produción de enerxía eléctrica.
- Implantación dun plan de repotenciación dos parques eólicos con maior antigüidade.
- Revisión da Planificación Estatal 2007-2016, para incrementar da capacidade do gasoduto Tui-Ribadeo, da liña de alta tensión Trives-Douro Internacional, etc.
- Medidas de fomento do aforro e eficiencia enerxética: entre elas, establecer un “plan de localización eficiente de industrias intensivas en consumo de enerxía eléctrica” que incentive a implantación deste tipo de industrias nas CCAA exportadoras de enerxía eléctrica.
- Introducir cambios na regulación dos mercados maioristas de enerxía eléctrica para conseguir unha redución real do prezo da enerxía e para evitar posicións de dominio de mercado.

3. Desenvolvemento do sector naval civil en Galiza.

No actual contexto de Presidencia española da UE, o BNG seguirá a instar ao Goberno a que impulse a apertura dun proceso negociador para revisar os acordos do ano 2004 -que limitan até o ano 2015 a actividade do estaleiro de Fene a tarefas auxiliares do estaleiro Navantia-Ferrol-, coa finalidade de que o estaleiro de Fene poida desenvolver plenamente as súas actividades produtivas na construción naval civil.

Por outra banda, dada a importancia do sector naval no tecido industrial de Galiza, debe asegurarse, a través de liñas de financiamento específicas do IGAPE, o soporte necesario para o acceso á financiación que permita acometer novos proxectos e captar pedidos internacionais, de maneira que non se perda capacidade produtiva polas dificultades de acceso ao crédito.

4. Reformas estruturais no marco europeo a favor do sector pesqueiro.

Galiza é unha potencia pesqueira. Porén, as políticas da UE non cambiaron a situación de marxinación estrutural da pesca galega desde o ingreso do Estado español no “Mercado Común” (1986). Aproveitando a Presidencia de turno da UE, instaremos ao Goberno do Estado a que impulse:

- Que Galiza teña a consideración de zona altamente dependente da pesca, así como un tratamento diferenciado para a pesca de baixura e o marisqueo.
- No marco da reforma da política común de pesca, que se modifique o principio de estabilidade relativa, e que se substitúa o actual sistema de TAC e cotas por outro que, asegurando a sustentabilidade dos recursos, teña en conta os dereitos históricos de Galiza e o esforzo pesqueiro.

5. Impulso á vivenda de protección oficial.

O BNG considera que é necesario reorientar o sector da construción cara unha estratexia de impulso da vivenda de protección oficial (VPO) e de fomento do aluguer, así como o impulso á rehabilitación e á eficiencia enerxética dos edificios. Para elo, avogaremos por deseñar un marco fiscal acaído no que todos os tipos de vivenda protexida teñan o mesmo tratamento no IVE (4%), fomentando a VPO no seu conxunto.



6. Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e Comunicación. Participación autonómica na súa planificación e fomento.

Para avanzar nun cambio do modelo de crecemento, o BNG aposta por unha política de fomento das TIC que favoreza a competencia, o investimento en novas infraestruturas e o equilibrio territorial. En concreto, é de vital importancia impulsar a participación de Galiza na planificación, xestión e explotación do espazo radioeléctrico, así como posibilitar a concesión de licenzas de espectro radioeléctrico de ámbito autonómico.

7. Fomento industria cultural galega.

O ano Xacobeo debe aproveitarse para dimensionar os servizos ligados á lingua e cultura nacionais. Así, o BNG demanda especial atención e impulso a todas estas actividades, co obxectivo de afianzar a industria asociada á cultura galega, que xa ven dando mostra dun grande dinamismo nos últimos anos. Estas políticas atopan renovadas oportunidades baseadas nas novas tecnoloxías.

VI. PROTECCIÓN DA ESTABILIDADE E GARANTÍA DO EMPREGO E DUN MODELO DE RELACIÓNS LABORAIS XUSTAS

Ao longo do último ano, coincidindo coa toma de posesión do Goberno do PP en Galiza, a situación de persoas en desemprego tornouse preocupante, debido ao incremento da porcentaxe global de persoas desempregadas, así como daquelas que non teñen ningún tipo de prestación. O paro rexistrado en Galiza superou as 234.000 persoas en marzo de 2009, medrando en termos interanuais máis dun 13 por 100. O PP trouxo 27.600 persoas desempregadas máis a Galiza nun ano de goberno.

O Goberno de Feijoo, como noutros asuntos, non actúa, o que provoca que a tendencia non só non se corrixa, senón que se acentúa gravemente, mesmo tamén a precariedade nas condicións de traballo, pois a contratación temporal acadou en Galiza no último ano índices alarmantes, pois o 90 por cento dos novos contratos foron eventuais.

Por outra banda, malia que non existen evidencias, salvo as ideolóxicas, que relacionen a situación de crise actual co modelo de relacións laborais, as elites económicas situaron a necesidade dunha reforma laboral baseada na flexibilización e precarización aínda maior das relacións laborais.

Non só nos opoñemos a esa intención, senón que entendemos necesaria unha reforma en sentido inverso, ante a desprotección cada vez maior dos traballadores/as:

- Modificar o réxime das relacións laborais, retomando unha regulación máis equitativa co fin de asegurar a estabilidade no emprego e o establecemento claro de límites á flexibilidade na contratación temporal e a tempo parcial.
- A revisión das políticas de fomento do emprego, concentrando as axudas á contratación en colectivos específicos con altas taxas de desemprego.
- Avanzar nun mellor reparto do tempo de traballo, como política creadora de emprego, incentivando a acomodación do horario semanal á conciliación da vida familiar e propiciando un gran pacto en todos os sectores e actividades económicas para avanzar nun novo patrón de horarios laborais.
- Adopción dun "Plan de emprego xuvenil" que loite contra a precarización do emprego neste sector da poboación e procure incrementar as taxas de ocupación en sectores de actividade acaídos ao seu nivel formativo e académico.

VII. AVANZAMOS EN POLÍTICAS SOCIAIS É AVANZAMOS CONTRA A CRISE

1. Afortalar os servizos sociais

A política de servizos sociais debe estar baseada nos principios de universalidade, igualdade de oportunidades, non-discriminación, normalización social, cohesión e reequilibrio territorial, diálogo institucional e suficiencia financeira.

Neste sentido, a defensa e fortalecemento dun Sistema Público Galego de Servizos Sociais resulta crucial e deberá estar baseado no seguinte:

- Dotar de recursos á Xunta e ás entidades locais para o financiamento dun sistema galego de servizos sociais.
- Desenvolver os servizos sociais incluídos na Lei de servizos sociais de Galicia, en concreto:
- Medidas para a implantación progresiva e xeralizada da Tarxeta Social Galega
- Aprobación do Mapa Galego de servizos sociais no que se definen as áreas sociais e se establecen os criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego.
- Desenvolvemento e actualización do Catálogo de servizos sociais.
- Reforzo da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica.
- Mellora da atención das persoas dependentes, incrementando a financiación ás demandas reais e a axilización na tramitación e xestión.

2. Afianzar o modelo sanitario público

A protección da saúde debe ser considerada un dereito fundamental que as administracións e poderes públicos deben garantir, por todo iso o BNG defende unha dotación orzamentaria que permita acadar un sistema sanitario público que garanta a súa universalidade, sendo prioritaria a actuación nos seguintes eidos:

- Garantir un financiamento suficiente da sanidade pública, incrementando significativamente o gasto público destinado aos servizos de saúde, dotando un soporte financeiro complementar do actual sistema de financiación autonómica.
- Compromiso na mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde: incremento do catálogo de prestacións a novas especialidades médicas e farmacolóxicas; e reforzo da atención primaria (atención máis demorada e digna dos pacientes, incorporación de técnicas diagnósticas e terapéuticas).
- Defensa do modelo de sanidade pública na xestión hospitalaria: mantemento dos proxectos de investimento totalmente público dos novos equipamentos hospitalarios (Vigo, Pontevedra) e doutros centros de saúde.
- Rexeitamento da privatización encuberta da sanidade, pola vía da planificación e colaboración público-privada nos investimentos sanitarios.
- Avanzar na unidade de aseguramento na asistencia sanitaria fronte ao fraccionamento e a extensión de modelos alternativos aos servizos sanitarios públicos.
- Rexeitamento de novas fórmulas de copago, tanto na prestación de asistencia sanitaria como farmacolóxica
- Fomento da investigación biomédica -incluída a realizada con células nais- na Galiza e no Estado español, así como impulsar a súa defensa nas institucións internacionais, que vaia dirixida ao desenvolvemento de novos instrumentos diagnósticos e terapéuticos.

3. Garantir o orzamento do sistema educativo público

A asunción da xestión en materia de educación por parte do PP en Galiza é un bo exemplo das consecuencias da aplicación das políticas extremistas liberais no eido dos servizos públicos: redución de gasto, desvío de fondos cara centros privados elitistas que non respectan os mínimos valores asentados socialmente (segregación por sexos), restrición nas políticas de apoio, desleixo pola educación pública universitaria.

Na orientación de corrixir as diferenzas educativas xeradas polas desigualdades no nivel socioeconómico das familias, os esforzos deben enmarcarse nun aumento das partidas orzamentarias cara o ensino público:

- Pular por manter a gratuidade dos libros de texto.
- Incrementar o número de prazas nos comedores dos centros de ensino públicos.
- Reclamar o incremento de prazas tanto en ciclos formativos como nos programas de cualificación profesional inicial (PCPI).
- Mellorar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio específico
- Reivindicación das galescolas e solución a diversidade existente na atención ao alumnado de 0 a 3 anos.
- Incrementar o apoio e consignación orzamentaria na política de becas e axudas aos estudantes.
- No ámbito do sistema universitario galego, cómpre acadar un pacto social e político baixo o prisma dunha perspectiva unitaria pensada para o país, así como abordar o financiamento necesario para que as universidades galegas asuman con éxito a transición cara o Espazo Europeo de Educación Superior, e o incremento das dotacións para axudas aos universitarios/as galegos (bolsas, becas, comedores, residencias).

VIII. GARANTIR O SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS

A pesar de existir unha coincidencia xeralizada en que as causas da crise atópanse na explosión da burbulla financeira, volve a focalizarse, como unha das medidas para superar a crise, a reforma das pensións, ben prolongando a vida laboral ben reducindo a súa contía, ideas que xa fora deslizadas, con anterioridade, en particular a extensión do período de referencia para o cálculo da pensión a toda a vida laboral (2003), estimándose que suporía unha rebaixa nas prestacións de xubilación en torno ao 30 por 100, ademais de provocar unha forte redución de perceptores da pensión máxima.

En Galiza, este novo ataque ao sistema de pensións é moito máis preocupante, tendo en conta que as pensións son as máis baixas do Estado, tanto no que atinxe á media de todas as pensións como á específica das xubilacións, situándose por baixo da media estatal en 123 e 152 euros mensuais respectivamente. Esta diferenza vén motivada polo feito de os salarios seren os máis baixos, pois a cotización para a xubilación ten relación directa cos emolumentos salariais. Unha redución das pensións agravaría a situación dos pensionistas galegos, cuxas rendas xa son reducidas en relación con outros pensionistas do Estado.

Baixo o pretexto de reducir o gasto público en pensións, están a potenciarse os sistemas persoais xestionados por institucións financeiras e profundando nunha liña de enfraquecemento do sistema público de pensións, de forma que se avanza cada vez máis cara a unhas pensións mínimas fornecidas pola Seguridade Social, abrindo así camiño ás fórmulas persoais de previsión social, para que nun futuro sexan a parte máis importante do sistema de pensións. Seguir avanzando nesa liña tamén restrinxe a liberdade e o dereito de opción dos cidadáns, pois sitúa as pensións públicas en mínimos de subsistencia que non permiten obter rendas dignas, co que o recurso ao sistema privado será máis unha obrigaón ca un convite amigábel.

É por iso que a nosa alternativa se fundamenta no reforzo xeral do sistema público de Seguridade Social, e en concreto, nun sistema de pensións de xestión e control públicos que asegure ingresos dignos cando se alcance a idade na que se produce o cesamento na actividade laboral, e como única garantía para poder realizar unha política redistributiva dos recursos dispoñibles entre todas as persoas. A proposta concrétese nos seguintes principios:

- Reforzar o sistema público de pensións, e insistir na vixencia do sistema de repartición interxeracional como o mellor mecanismo para transferir renda entre activos e pasivos.
- Manter a idade actual de xubilación.
- Rexeitar calquera proposta que implique a extensión do período de referencia para o cálculo das pensións de xubilación, mantendo a eses efectos como referencia para determinar a contía das pensións a parte final da vida laboral.
- Modificación da regulación das prexubilacións, evitando un uso abusivo das mesmas para encubrir reestruturacións empresariais.
- Reforzar o nivel protector da Seguridade Social, aumentando o gasto global en protección social até alcanzar como mínimo o gasto medio en protección social do conxunto da UE, co obxectivo, entre outros, de incrementar substancialmente as pensións máis baixas, tanto de carácter contributivo como non contributivas.

IX. DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS E POLÍTICA DE TRANSPORTE

1. Garantir a execución de infraestruturas estratéxicas para Galiza.

O actual contexto de crise económica e o recente “Plan de Austeridade” do Goberno do Estado non poden servir de pretexto para frear ou retardar as principais infraestruturas comprometidas polo Goberno central con Galiza, infraestruturas que son estratéxicas para o desenvolvemento do noso país.

Polo tanto, é necesario garantir os prazos para a execución das infraestruturas ferroviarias que permitan vertebrar a Alta Velocidade en Galiza (Eixo Atlántico) así como a súa conexión coa Meseta e a finalización en prazo dos Portos Exteriores da Coruña e Ferrol, así como a Autovía Transcantábrica e a A-54 que unirá Santiago e Lugo.

Así mesmo, cómpre asegurar a adecuación a altas prestacións ferroviarias da rede interna de Galiza que permita dotar dun servizo ferroviario de calidade que conecte todas as cidades de Galiza.

Do mesmo xeito, o BNG esixirá que o Goberno galego que no canto de refuxiarse nunha mal entendida austeridade, cumpra coas infraestruturas comprometidas para a vertebración viaria de Galiza

2. Impulso ao transporte público e á intermodalidade

As políticas que fomenten o transporte público e o seu uso por parte da poboación deben ser incentivadas decididamente, entre as que destacan, o impulso aos medios de transporte menos contaminantes, e o deseño de plans de transporte público metropolitano nas grandes urbes e as infraestruturas intermodais.

O fomento da intermodalidade, como garante dunha integración óptima dos diferentes modos de transporte en Galiza, ten un carácter estratéxico, sendo preciso:

- Dotar de conexións ferroviarias aos principais portos galegos, especialmente aos Portos Exteriores da Coruña e Ferrol.



- Estudar a viabilidade de establecer conexións ferroviarias dos aeroportos galegos coas súas respectivas cidades.
- Dotar ás principais cidades galegas de estacións intermodais, ligadas á implantación da Alta Velocidade.

X. OUTRA PANCA PARA SUPERAR A CRISE: O NECESARIO AVANCE NO AUTOGOBERNO GALEGO

A reforma do modelo de Estado, en favor do autogoberno real

A crise económica actual refuta a idea de relegación dos poderes públicos democráticos en favor do mercado. Ben ao contrario: é precisamente neste contexto onde máis valor cobra o exercicio das políticas públicas por parte das institucións democráticas, e sobre todo daquelas máis achegadas á realidade social de cada territorio. Por iso tamén, cómpre pór de manifesto a importancia de avanzar nestes momentos no autogoberno de Galiza, e con iso no deseño de políticas propias no ámbito social e económico, pois só dese xeito podemos controlar e coordinar democraticamente a economía desde as nosas institucións e a través de políticas propias.

A materialización dun modelo de Estado marcadamente centralista, caracterizado por unha descentralización máis administrativa que política, non satisfaceu as aspiracións das nacións do Estado español. Galiza sufriu unha clara limitación no seu autogoberno, restrinxíndose cada vez máis o nivel de decisión política das nosas institucións, ao se aplicaren desde o Goberno central políticas claramente invasivas do xa minguado ámbito competencial autonómico, como vén de demostrar o inusitado ataque por parte do Goberno central á Lei de caixas aprobada polo Parlamento Galego.

Galiza precisa dun novo marco onde exercer o seu dereito ao autogoberno, co obxectivo de incrementar a capacidade de incidirmos de xeito determinante na base produtiva e nos sectores estratéxicos para desenvolver unha promoción económica e do emprego axeitadas ás nosas necesidades; exercermos a dirección, xestión e organización dos servizos públicos que forman parte da estrutura do estado do Benestar; podermos organizar, promocionar e estruturar sen interferencias os sinais identificativos da expresión da nosa diversidade como nación, como son a lingua, cultura ou patrimonio; podermos deseñar e impulsar a execución da nosa ordenación territorial para dar resposta a un crecemento harmónico, equilibrado e sostíbel; articularmos a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza de forma xenuína; e dotármonos dun modelo de financiamento que garanta a suficiencia e a autonomía financeira e asegure os recursos necesarios para o pleno exercicio das nosas competencias.

Así mesmo, en concordancia co incremento do nivel de autogoberno, Galiza precisa avanzar nun financiamento autonómico baseado na responsabilización sobre os nosos recursos. O novo sistema de financiamento autonómico incrementou timidamente as capacidades de Galiza en materia tributaria, porén, trátase dun aumento a todas luces insuficiente. Polo tanto, o BNG seguirá a defender un novo sistema fundado na plena soberanía fiscal de Galiza, é dicir, na territorialización plena dos tributos e na capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos contando cunha Axencia Tributaria galega.

Xa que logo, tamén para contribuír a superar a crise económica, é tempo de atinxir un autogoberno real de Galiza, de confiar nas nosas capacidades e recursos como país e non de agardar por solucións importadas.